

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o xoves, día 11 de novembro de 2010, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 21/10, do 28 de outubro.

### **Asesoría Xurídica**

2.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 22/10/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial, como parte interesada, no procedemento concursal nº 240/2010, que se tramita á entidade Construcc. Arquitectura Arquión, SL, perante o Xulgado do Mercantil nº 2 dos da Coruña.

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 04/10/2010, pola que se dispón a interposición de recurso contencioso administrativo en relación con acordos do Xurado de Expropiación de Galicia, relativos a diversos expedientes expropiatorios.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 04/10/2010, pola que se dispón a interposición de recurso contencioso administrativo en relación con acordos do Xurado de Expropiación de Galicia, relativos a diversos expedientes expropiatorios.

5.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 22/10/2010, pola que se dispón a interposición de recurso contencioso administrativo en relación co acordo do Xurado de Expropiación de Galicia, relativo ao expediente expropiatorio nº 2007/003744.

6.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 26/10/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 317/2010, interposto por dona María del Carmen Fraga Rocha, sobre responsabilidade patrimonial.

7.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 26/10/2010, pola que se dispón a interposición de recurso contencioso administrativo contra a resolución da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, con data do 13/08/2010, pola que se acorda desestimar o requirimento previo desta Deputación provincial contra tres resolucións do devandito centro directivo, todas con data do 23 de marzo de 2010, nas que se declaraban caducados os expedientes de solicitude de compensación das cotas correspondentes ao imposto sobre bens inmobles de determinados centros concertados, pertencentes aos concellos de Cee, ano 2005, e Fene e Narón, anos 2005 e 2006, polas exencións outorgadas no devandito imposto.

## **Persoal**

8.- Proposta de autorización e aboamento de traballos extraordinarios realizados na Sección de Orzamentos á funcionaria D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Vázquez Sesmonde. Base 44.

9.- Proposta de aboamento de cantidades en concepto de produtividade adicional aos funcionarios D. Jesús Pérez Fernández, M<sup>a</sup> Victoria García López e Ana Beatriz Álvarez Blanco. Terceiro trimestre de 2010.

## **Patrimonio e Contratación**

10.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar definitivamente o contrato da prestación dos servizos de normalización, racionalización e simplificación dos procedementos administrativos tributarios e recadatorios para a súa posta en marcha na aplicación tributaria da Deputación da Coruña.

11.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor de asistencia á Deputación para a realización dun “Curso de inglés en liña”.

12.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar o contrato menor para a execución das obras incluídas no Plan de conservación de vías provinciais 2010 terceira fase: construción dun muro de contención no polideportivo de Corcubión na DP 2801 (Corcubión).

13.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar o contrato menor para a execución das obras incluídas no Plan de conservación de vías provinciais 2010 terceira fase: reforma de pluviais en Firminstáns na DP 0205 Bertamiráns á Ramallosa PK 4+770 a 4+890 marxe esquerda (Ames).

14.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar provisionalmente o contrato de complementario de ampliación e mellora de trazado na estrada DP 8203 de Vedra á ponte de Santa Lucía.

15.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar definitivamente o contrato de execución das obras de complementario de ampliación e mellora de trazado na estrada DP 8203 de Vedra á ponte de Santa Lucía.

16.-Aprobación do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da impartición de accións formativas 2010 no marco do proxecto Rede Xiana cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

17.-Adxudicación provisional para a contratación da subministración e actualización de licenzas de Autocad para a Deputación Provincial da Coruña.

18.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de vías provinciais 2010 terceira fase: acondicionamento do camiño de Gabenlle á DP 2404 para o desvío provisional do tráfico para realizar as obras do proxecto actualizado para o ensanche das pontes sobre o río Anllóns no PK 1+150 da DP 2404 (A Laracha).

19.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de vías provinciais 2009, novena fase: mellora de seguridade viaria DP 1706 O Temple a Cambre PK 0+120 (Cambre).

20.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de vías provinciais 2010 quinta fase: mellora de capa de rodaxe na DP 1902 Carballo a Razo (travesía de Arnados) (Carballo).

21.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de sendas peonís 2010, primeira fase: senda peonil na DP 7601 San Sadurniño á Cruz de Lamestra (San Sadurniño).

22.-Adxudicación definitiva dos contratos de servizos de asistencia técnica á Deputación para a redacción dos proxectos de execución das obras: senda peonil na DP 2405 Cerceda a Mesón do Vento do PK 3+910 ao 7+510 (Cerceda).

23.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas no Plan de travesías 2010 primeira fase, primeira relación: complementario nº 1 mellora da seguridade viaria na DP 7304 de Xaras a Olveira PK 1,640 a 3 990, referente á construción dunha pasarela peonil no PK 1 970 (Ribeira).

24.-Adxudicación definitiva do contrato de asistencia técnica para a xestión, coordinación e seguimento do Plan director de comercio para as comarcas de Muros-Noia, O Barbanza e O Sar a través da creación da oficina de apoio ao comercio.

25.-Adxudicación definitiva do contrato de subministración e actualización de licenzas con destino á Imprenta provincial.

26.-Aprobar a realización dun contrato menor de asistencia á Deputación para a realización dun curso denominado “Implantar e documentar un sistema de xestión de calidade: curso práctico”.

27.-Aprobación do contrato menor de subministración de 40.000 etiquetas antifurto para adherir aos libros en préstamo da Biblioteca provincial.

28.-Aprobación do contrato menor de subministración de kits de mostraxe para a campaña “Vive o Mandeo” dentro da actuación B.14 do proxecto Mandeo,

cofinanciado nun 70% por Fondos Feder, dentro do eixe 5, desenvolvemento local e urbano sustentable.

29.-Aprobación do contrato menor de subministración dunha cadeira ergonómica con destino á Sección de Plusvalías e IAE.

30.-Aprobación do contrato menor de subministración de 150 unidades do libro “Xosé Chao Rego, renacer galego. Actas do simposio homenaxe” con destino á Deputación Provincial da Coruña.

31.-Aprobación do contrato menor de subministración de 200 exemplares da obra “Farruquiño” de Gonzalo Torrente Ballester.

32.-Aprobación do contrato menor de subministración e instalación de armarios nos novos vestiarios do Parque Móbil.

33.-Aprobación da prórroga do contrato de servizos de mantemento do sistema de información contable para a Administración local “Sicalwin” e a DLL.

34.-Aprobación da realización dun contrato menor consistente nos servizos de deseño, maquetación e edición de 1500 calendarios de parede para 2011 ilustrados co patrimonio relixioso monumental da provincia.

35.-Aprobación dun contrato menor de servizos para financiar a realización da II fase do estudo para o desenvolvemento dunha plataforma de reflexión e difusión baixo o título “A cidade dos barrios”.

36.-Aprobación dun contrato menor de asistencia á Deputación para a realización da redacción do proxecto das normas de explotación da presa de Rosadoiro, propiedade da Deputación Provincial da Coruña.

37.-Aprobación da prórroga do contrato de instalación e explotación de máquinas expendedoras nos centros provinciais, lotes 1, 2, 3 e 6.

38.-Aprobación da prórroga do contrato de instalación e explotación de máquinas expendedoras nos centros provinciais, lotes 4 e 5.

39.-Aprobación dun contrato menor para a asistencia técnica á dirección de obra do proxecto complementario nº 1 de mellora da seguridade viaria da DP 7304 Xaras a Olveira PK 1,64 a 3,99 para a construción dunha pasarela peonil (Ribeira).

40.-Aprobación dun contrato menor para a asistencia técnica á dirección de obra do proxecto mellora de seguridade viaria en DP 0205 Bertamiráns á Ramallosa PK 0+400 ao 0+550, ampliación da ponte da Condomiña (Ames).

41.-Aprobación e contratación das obras incluídas no Plan de vías provinciais 2010, segunda fase: proxecto actualizado para o ensanche da ponte sobre o río Anllóns no PK 1+150 da EP 2404 A Laracha á Silva por Golmar (A Laracha).

42.-Aprobación da prórroga dos contratos de reparación urxente de danos nas estradas provinciais 2010.

43.-Aprobación do contrato menor para a realización de remodelación do centro de transformación do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

44.-Subministración de 80 papaventos para celebrar o “Día da ciencia en galego”.

**ROGOS E PREGUNTAS**